

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE BAIONA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA ARRIBADA DA CARABELA PINTA 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Baiona o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o concello para o apoio á celebración da Arribada da Carabela Pinta 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.



Segundo.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- O Concello de Baiona ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Arribada da Carabela Pinta 2026.

Cuarto.- A Festa da Arribada fundaméntase nun feito histórico transcendental que é a Arribada da Carabela A Pinta ao Porto de Baiona coa boa nova do Descubrimento de América o primeiro de marzo de 1493.

A Arribada da Carabela Pinta en Baiona é a única festa destas características que se celebra en Galicia e converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega.

Así, posiciónase coma o evento máis adecuado para dar a coñecer o turismo náutico e deportivo xa que durante a súa celebración organízanse probas con motivo da Arribada, entre as que destaca a Regata do Descubrimento celebrada en 1972 con máis de 3.500 millas de recorrido e cunha participación de máis de 70 barcos de distintos países. Durante os días de celebración da festa, o casco histórico da vila de Baiona transfórmase e volta ao medievo. Este evento foise consolidando co paso dos anos e hoxe é un referente turístico que durante eses días xunta a máis de



200.000 persoas. Así mesmo, o 27 de outubro de 2015, foi declarada pola Secretaría de Estado de Turismo como Festa de Interese Turístico Internacional.

Este ano a Festa da Arribada terá lugar os días 27 e 28 de febreiro, e 1 de marzo de 2026. A dita celebración supón un incremento de persoas e visitantes moi importante que permite desestacionalizar o turismo cunha oferta de actividades culturais, lúdicas e deportivas durante os tres días que dura a festa. Prodúcese tamén un incremento de reservas nas prazas hoteleiras e nas empresas de servizos da Vila.

Quinto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Baiona unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

